

Editorial 3C3. Decembro 03

Compostela, vella memoria

Ricardo Martínez-Conde

**Buscar o profundo segredo da vida
é o grande, nobilísimo ocio.**

Álvaro Cunqueiro.

... de la solemne Compostela, stela, stela...

Seamus Heaney

Vive en la belleza –la belleza que muere-.

Keats

A m e n c e

*A árbore
garda
en si
tódolos
segredos
da harmonía
que deixou
a noite

Amence.

A nosa vontade
será esa soidade
que atesoure
memoria
para vivir.

*Un ar recente e miúdo
zoa por riba dos outeiros,
do vello asentamento
de construcións relixiosas
onde un pobo sen orixe
e sen nome definidos
esperan.

Esperan o milagre da alegría,
pois aquí non existe;
só hai tremor incerto,
inquiétude,
exceso apaixonado de natureza humana
agochada no seo da desconfianza
que todo o rexeita: ata a si mesmos,
sen se decatarse.

*A mañá
a pesares da súa figura
quebradiza e fría,
tira dun sol épico
ó que ven cinguido o carro das cores
que porta o novo día.
Aí está o milagre,
a ledicia,
a convocatoria da festa:
hai quen asexu
medita
ou canta;
as campás ironizan.

Toda é unha nova
de dúbida e soño,
como á espera de algo certo
mentres as cores vagan sen rumbo
por riba desta cidade
póstuma a si mesma

*Tremen, de vellos, os tellados;
non é o ceo quen cumpre anos,
senón eles.
Confían que agora, no mencer,
o viaxeiro pense:
sí, é fermoso.

Só cando soe a campá
renacerán as árbores e as torres;
volverá paseniño
o zurar das pombas,
a antigüidade dos rezos.

Logo será
o se escoitar a si mesmo;
tal ha facer o camiñante
polas rúas de antiga sombra
afeitas ás confesiós.

*Chegou
e pousa
(vida sen sombra)
unha certeza digna
tan fermosa e distinta
como o silencio
que agarda
en todo.

P a s e n i ñ o

*O sol despertou cedo e estivo a xogar
como un neno: agora facendo sombras
no vello tellado da clerecía, agora dando
refrexo inesperado en fiestras adormiñadas.
Debuxando sombras descoñecidas nas follas
da camelia, deseñando un ollar de esperanza
no gato da taberna... Velaí o seu dominio:
esfarela a incerteza
e todo adquire nome, feitura,
sentido de seu. Ata a campá semella leda
do sol recente que, firme, dilúe a distinción
entre as figuras santas de pedra e as figuras
que cruzan as rúas con movemento antigo
camiño das tarefas do día.
Velaí a historia mais sinxela
nun raio de sol.

*Así comeza o milagre
deses días afeitos á vida núa
da primavera, cando as primeiras follas
precisan dos coidados
que só a mañanciña lles pode
achegar doándolles vida.

Despois
chegará a luz ata nós,
ata os homes
que imos de vagar
en procura
dunha resposta digna.

*Pensa o peregrino:
esperanza tan limpa
non chega a espertar de todo
a imaxinería de pedra
que este lugar conserva
e representa.
So é un rechouchío espiritual
que serve para arrolar as flores,
para avivecer os perfís do que xa existe,
esa realidade cerne que un día
prendeou nestas alturas quedas
e iniciou unha longa ladaíña que durará
o que duren as estrelas,
o que dure a humidade,
o murmurio das sombras.

*O señor crego ben parece que tivo
unha noite atarefada. Velaí que non amosa
un rostro en harmonía coa certeza
(vaga deducción antiga), afeito á adversidade
con seria gravidade de home que posúe
corda e caldeiro e auga
onde beber: unha auga limpa,
liberadora e eterna.
Hoxe semella que sufriu noite
quebrada, propia dos de fora,
os da incerteza
afeitos á morte.

Mágoa de non ter sido antes máis humano,
señor crego.

*Pinga no ferro negro
o martelo do ferreiro.
Entre rúa e rúa
avivece o son miúdo
e lixeiro,
son que discute e dá forma
a modo dun pensamento.

Entre parede e parede
brinca o son do ferreiro
nesta mañá lene
afeita á fermosura
dunha luz núa
que escoita encantada
o bulir do compás
dese home escuro
que afina
os segredos da reixa,
a que nos há mirar
dende o frío interior
do convento
en sombra.

*A fachada da clerecía
ten a beleza do equilibrio
e o misterio.
Ampla lonxitude de pedra
animada de regulares ventás
no alto.
Segreda oración.

Luz do verán,
choiva do inverno
asentan nela de seu.

Grave durme o son da campá
(demorada lentitude relixiosa)
na memoria antiga.
Ó seu carón penso
¿qué é o Tempo?

*Convive a tradición do tempo
en cada oco,
nos designios da luz
cando mostra a feitura
minuciosa
e
lenta
da pedra
que
vive
en vaga cerimonia
unha elegancia
nobiliaria.

Garda recato a firmeza dos días
que acollen, de feito, a grave dignidade
non vencida.

*As fontes
cumpren
o tempo
humano:
viven nel.

Vagar da auga.

A c o u g o

*O pasado vive na pedra,
mudo argumento
que conformou ó longo dos séculos
esta cidade
chea de medos ignorados.

O tempo mora aquí
á espera dalgún cambio no universo,
dunha noticia avolta
que esperte a sorpresa.

Mansa e dura cirimonia de agardar
en si mesma, longa esperanza
chamada relixión. Segredo mineral
preto do home.

A pedra naceu aquí
para o tempo.

*A fe do camiñante é algo imaxinario
como ese cruceiro traballado a man
polo canteiro, que lle dixo
baixiño que acomode e espere, que ha seguir
un tempo para todos, bos e malos,
xoves e vellos, grandes e pequenos;
díxolle que asente,
que fíe no feitizo do solpor
cando o horizonte ten o perfil
dun milagre.
E o cruceiro escoitou e agarda
sereno.

O camiñante non atopou aínda
ese fogar sereno onde axeitar;
mais todo ha ser doado,
pois todo ha ter lugar
en Compostela.

*A sombra
é a vida engadida ós obxectos,
á continuidade das crenzas,
ó soño.
A sombra avivece
á vez que se consume,
coma nós.
As altas chemineas,
a campá inerte,
a choiva de inverno
e o castiñeiro
son algunhas das sombras
que viven aquí e coidan
dos nosos hábitos cotiáns.
Sombras que viven en nós.
Quizais sombras de sombras
máis antigas

*E bo que haxa memoria
de todo aquilo que foi, que tivo ser
de seu -unha arbore, unha fiestra,
unha rúa axeitada conforme ó paso
do tempo- e siga a constituír agora
un signo da nosa identidade
como camiñantes
ou como solitarios
ou como debedores dun corazón
que escoita o son das ondas
do tempo.
Si é así, quizais sexa a verdade
deste sentimento quen nos dispoña
a ese andar sereno do que pensa
que todo aquilo que xa foi
-a tradición é un amor esvaecente-
ha ser aínda.
Sobre todo
cara a esa vella lembranza
da nosa melancolía

*Ese home que pide na rúa
parécelle ó viaxeiro que pide
unha eternidade, algo imposible
de achegarlle á man para o seu ben.
De acercármonos a el perderíámolo todo,
cederíámolo todo, pois tal
semella necesita
(¿ou é o seu corazón?).
Logo volvería pensar
que pedir é un xeito de mirar,
unha industria menor e relixiosa,
unha maneira de estar sen grandes
necesidades que desacouguen.

Pedir é un xesto de ser,
unha lembranza;
nosa é a necesidade.

*O pardal xa está afeito ós días
desiguais, ás contemplacións duradeiras,
ó incerto da sorpresa. Filosóficamente
disposto á relatividade de todo, igual pousa
diante dun nobre ou dun mendigo, igual
ten para el que o gran teña caído
en lugar santo ou en lugar livián.
Quizáis a aceptación do tempo como un hábito
reiterado é quen lle deu esa cor
de indiferencia, de humildade.

Para el todo e bo, e así o acepta
sen emoción ninguna.
Canto ha ser xa virá;
e pensa gravemente,
¡a choiva semella tan serena,
tan grave e fiel e axeitada
á historia!

*Un día
a neve
descendeu
a modíño
para non espertar
a ninguén,
nin á pomba que durme
nin á torre que pensa.

Melancolías
do ceo.

A t a r d e c e r

*No cristal converxe
(fraxilidade do tempo)
o sentimento da tarde
que esvae das árbores
camiño do mar.
Converxe con acougo:
amor antigo
onde pousou esperanza
un día.

É así, ceibe amor,
que non vive o cristal
senón o corazón.

*O tellado xa é unha parte substancial
(quizais por agardar en grave seriedade)
destes fogares aniñados que se consolan,
que gardan, agochados,
os laios que cada día acolle
a significación trágica e digna,
triste e vingativa que é a cidade.

Ese ollar cara ó ceo,
o seu vencello coas portas
que dan á rúa
e o bulir teimoso do comercio que vive
na penumbra é quen lle dá feitizo
á súa morna actitude espiritual
que acolle baixo si á parte triste,
o complemento da memoria que revive
no espacio humilde das alturas
e que nunca afastará
de aquí.

*Na catedral
escóitase a música
do órgano:
choiva miúda,
vento esquecido,
longo mar,
neve durmida,
noite escura,
canto do ceo,
amencer,
arrepío da morte,
sosego da morte.

O son
acubilla nos recunchos
da cidade
axeonllada
perante
do
medievo.

*Na carballeira de Santa Susana poucas
 cousas suxiren incerteza ou dúbida. Alí,
 serea a luz do solpor,
 cada quen acepta o don da vida
 con elegante soidade, coa seguridade
 de quen posúe os nomes de amor.

A auga das fontes renovada, o carballo
 na súa historia antiga, o camiño de terra
 que acolle a quen procura a
 súa identidade...

Alí onde o tempo ten
 un fogar, como unha especie máis, pouco
 queda ó murmurio dunha memoria agre;
 os fíos da vida axeitan de seu.

*O son da campá voa lene
nos límites espidos
da tarde que se acomoda á seriedade
do seu esvaer.

O camiñante
que escoita
no corazón e na memoria
pensa que este é o segredo
e sente que dende abaixo,
dende a pedra e a terra,
algo ascende no seu interior
polo miúdo,
unha dor que non é tal,
senón a cerimonia
de quen se sabe testemuña
e advirte no seu ser
o aloumiño
da melancolía...

*A noitiña asenta

A fiestra,
o carballo,
a campá
e a pedra
acollen
con respecto
ese fondo descoñecemento
chamado noite

A esperanza
acouga

Todo ha ser
á marxe de quen agarda,
de quen ama.

*Ás veces a néboa
é como un ceo antigo,
máis vello e espiritual
que todas as crenzas.

T e m p o e s i l e n c i o

*A taberna garante o lume dese fogar
antigo que sempre se agradece; nel
vive unha parte da nosa identidade.
Mudo acubillo dos adentros
que cada quen posúe
e que quixera compartir.
Velaí a orixe da tribo e a solidariedade,
nese currunchos sen nome
onde atoparemos, de seguro, a esencia
da nosa soidade.

*Un día calquera
-só un día calquera-
a anguria é un deus que zoa
por riba dos campanarios
dunha Compostela
que non é
máis que silencio,
desacougo.

*Sagrado
rechouchío
o estrelecer
animoso
das velas
encendidas
e axeitadas,
solemnes,
núas
ó pe
desa figura
serena
que escoita
a quen se achega
á vella
escuridade
da capela.
Rechouchío
dos rezos,
do tempo.

*Agardemos
preto deste vello silencio
propio das árbores,
acubillado nas figuras
de pedra, na cadea que colga
da torre de San Paio, nas tellas
que han resistir aínda outro inverno
con escasa esperanza.

No ar quedará o segredo
-como unha nova oración-
daqueles que non saberán
o por qué do que agardamos,
da fe que non deu chegado.

*Preciso é o tempo
para nos decatar da grande utilidade
da choiva.
Certa sen nomes,
goza dun alto valor espiritual
(reparade no abalar senlleiro)
Tal acrecenta os relevos, a figura
de canto tocan os seus dedos antigos.
Velaí que non foxe;
é forte e solitaria, valente
ata a bondade, sincera.
Nobre e discreta,
vive para os demais,
nos demais.
O tempo grave do inverno
enténdea como nadie
e velaí: na súa comprensión
axúdanos a amala.
Ela é unha forma de beleza;
doadora de vida,
melancolía.

*Lúa chea. As fiestras da clerecía
xa están afeitas á luz maina,
acolledora
na súa amplitude.

Todo crece como o ar mariño
que ha vir axiña a se pousar
nas reixas e na sombra.

O camiñante sinte
con rememoración e gratitude;
acepta ás teimas pasadas.
Elas tamén contribuíron
a esta filosofía, ó de vagar
que é vivo adentro
na noite soa.

*O silencio de Compostela non ten fin:
é unha das súas eternidades. O silencio
sempre espera ó camiñante un pouco máis
aló: no mar, na noite espida.

Aquí é a vida da soidade máis pura.

**"Non ha barqueiro
nin remador"**

zoa a cantiga mentres confiamos
no milagre, afeitos a vagar
na procura dese faro que alumee
o sorriso, que confirme a nosa gratitude
ó chegar o sosego, inda algo incerto.

*A noite
adoita
nas pociñas
da
pedra.

O caminante
escoita
os saberes
da harmonía
antiga.

A choiva
ás veces
síntese
que
é
Todo.

